

# ANO 2020

## Nome da persoa visitante: Yulia Popova

Institución de procedencia: Siberian Federal University (krasnoyark, Rusia), School of Education, Psychology and Sociology

Tempo de estadía: do 3 de marzo ao 12 de xuño de 2020

Grupo de Investigación: ESCULCA

Estudante de Doutoramento da Siberian Federal University (krasnoyark, Rusia), School of Education, Psychology and Sociology no Programa “Theory and Methodology of Vocational Education” cunha beca da *Russian Foundation for Basic Research, Research of Mediation Practices*. As súas áreas de investigación son: Mediación intercultural no ámbito da educación profesional; Cultura e interacción intercultural; Mediación na Educación.



## Nome da persoa visitante: Ana Milheiro Silva

Institución de procedencia: Universidade do Porto – Faculdade de Psicologia e de Ciências da Educación (FPCEUP)

Tempo de estadía: do 7 de xaneiro ao 7 de abril de 2020

Grupo de Investigación: ESCULCA

Ana Milheiro Silva, Máster en Psicoloxía, é becaria de doutoramento no Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación da FPCEUP e investigadora do Proxecto de Investigación GROW.UP (“Grow up in border regions in Portugal: young people, educational pathways and agendas”; ref. PTDC/CED-EDG/29943/2017). Forma parte do “Centro de Investigación e Intervención Educativas” (CIIE-FPCEUP) no cal desenvolve actividades de investigación e o doutoramento. Dende 2012 mantén un vínculo co FPCEUP integrando proxectos de investigación onde desenvolve investigación cualitativa e cuantitativa, participa en eventos científicos nacionais e internacionais con comunicacións e pósters, participa na organización de eventos científicos nacionais e internacionais e coopera na presentación de proxectos de investigación con fondos nacionais e internacionais. Os seus intereses na investigación relaciónanse cos camiños educativos da xuventude, as escolas resilientes, as culturas escolares, as rexións

fronteirizas, a igualdade de oportunidades, a xustiza social e a educación. É membro da Orde dos Psicólogos Portugueses e da Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação. Actualmente está cualificada e xa ten integrado Comisións de Avaliación Externa (CAE) da A3ES (Agência de Avaliação e Acreditação do Ensino Superior) no ámbito dos procesos de avaliación e acreditación dos ciclos de estudo en funcionamento nas institucións de educación superior en Portugal.



## ANO 2019

Nome da persoa visitante: Antonio Ramón Cardenas

Institución de procedencia: Universidade de Sevilla

Tempo de estadía: de xuño a setembro de 2019

Grupo de Investigación: ESCULCA

O profesor da Universidade de Sevilla Antonio R. Cárdenas Gutierrez realizará unha estadía de investigación no marco do Grupo de Investigación Esculca entre os meses de Xuño e Setembro de 2019. O obxecto desta visita será trazar vínculos entre os ámbitos de estudo do emprendemento e as liñas actuais de traballo de Esculca.

Antonio Ramón Cárdenas Gutiérrez é Doutor en Pedagogía pola Universidade de Sevilla, con Premio Extraordinario. Profesor Axudante Doutor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Sevilla (acreditado a Profesor Contratado Doutor). Membro do Grupo de Investigación Pedagóxica da Persoa da Universidade de Sevilla. Os seus traballos recentes céntranse na construción da identidade, concretamente no ámbito da emprendeduría. Participou no Proxecto I+D “Educar para Emprender: Avaliando Programas para a Formación da Identidade Emprendedora na Educación Obrigatoria” do Plan Estatal 2013-2016 (EDU2013-42936- P).



## ANO 2018

Nome da persoa visitante: Donatella Persico

Institución de procedencia: Instituto de Tecnoloxía Educativa de Xénova

Tempo de estadía: do 29 de outubro ao 16 de novembro de 2018

Grupo de Investigación: Stellae

Donatella Persico é Investigadora Senior do Instituto de Tecnoloxía Educativa de Xénova, pertencente este ao Consello Nacional de Investigación de Italia. Dirixe actualmente a revista Italian Journal of Educational Technology.



## Nome da persoa visitante: Alejandra Durán

Institución de procedencia: Universidad Nacional del Litoral

Tempo de estadía: do 1 de setembro ao 30 de novembro de 2018

Grupo de Investigación: SEPA

Alejandra Durán. Licenciada en Química e Máster en Gestión Ambiental da Universidad Nacional del Litoral, Argentina. Pertencente ó Grupo de Fotorreactores y Tecnologías Ambientales pertencente ó Instituto de Desarrollo Tecnológico para la Industria Química (INTEC), dependente do Consejo Nacional de Investigaciones Científicas Y Técnicas (CONICET) e a Universidad Nacional del Litoral, na República Argentina. Integrante de equipos de investigación en temas vinculados ó manexo sustentable de envases de agroquímicos e accións dirixidas á comunidade ligadas ó campo da educación ambiental nesta temática. Actividades ligadas á transferencia de tecnoloxías ambientais. Colaboradora en distintos programas de apropiación social da ciencia e divulgación científica.



## Nome da persoa visitante: Édgar Javier González Gaudiano

Institución de procedencia: Universidad Veracruzana (UV) en México

Tempo de estadía: do 1 de setembro de 2018 ao 31 de xullo de 2019

Grupo de Investigación: SEPA

Édgar Javier González Gaudiano é investigador titular do Instituto de Investigaciones en Educación da Universidad Veracruzana (UV) en México. É membro do Sistema Nacional de Investigadores, Nivel 3, o nivel máis alto outorgado polo Consejo Nacional de Ciencia y Tecnología. Coordina a Cátedra Unesco-UV "Ciudadanía, Educación y Sustentabilidad Ambiental del Desarrollo". Publicou oito libros da súa autoría e dezasete libros colectivos, conta ademais con máis de tres docenas de capítulos en libros editados tanto en México como noutros países, e publicou un centenar de artigos de investigación. En 2004 recibiu o Premio al Mérito Ecológico na categoría do Sector Académico que otorga a Secretaría de

Medio Ambiente y Recursos Naturales (Semarnat), do Goberno de México; en 2007 o Premio UANL de investigación en humanidades e en 2012 a Medalla al Mérito Ecológico "Dr. Gonzalo Halffter".



## Nome da persoa visitante: Inmaculada Martínez García

Institución de procedencia: Universidad de Cádiz (Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación da Facultade de Ciencias da Educación)

Tempo de estadía: do 2 de xullo ao 3 de agosto de 2018

Grupo de Investigación: GEFIL

## Nome da persoa visitante: Enrique Alastor García

Institución de procedencia: Universidad de Sevilla (Dpto. de Teoría e Historia da Educación e Pedagogía Social da Facultade de Ciencias da Educación)

Tempo de estadía: do 2 de xullo ao 3 de agosto de 2018

Grupo de Investigación: GEFIL

## Nome da persoa visitante: Lorena Serna Antelo

Institución de procedencia: Departamento de Educación del Instituto Tecnológico de Sonora (ITSON).

Tempo de estadía: do 30 de abril ao 15 de maio de 2018

Grupo de Investigación: GEFIL



## ANO 2017

### Nome da persoa visitante: Joyce L. Epstein

Institución de procedencia: Johns Hopkins University, Baltimore, Estados Unidos de América

Tempo de estadía: 6-8 de novembro 2017

Grupo de Investigación: ESCULCA

Joyce L. Epstein, Ph.D. in sociology from Johns Hopkins University is Director of the Center on School, Family, and Community Partnerships and the National Network of Partnership Schools (NNPS), Principal Research Scientist, and Research Professor of Sociology at Johns Hopkins University. In 1995, she established the National Network of Partnership Schools (NNPS), which provides professional development to enable school, district, and state leaders develop research-based programs of family and community involvement. Dr. Epstein has over one hundred publications on family and community involvement including *School, Family, and Community Partnerships: Your Handbook for Action, Third Edition* (Corwin Press, 2009), which guides partnership program development, and a textbook for college courses for future teachers and administrators called *School, Family, and Community Partnerships: Preparing Educators and Improving Schools*, second edition (Westview, 2011). Among recent awards, she was named a Fellow of the American Educational Research Association (AERA) in 2009 and received the 2009 Elizabeth Cohen Award for Applied Research from AERA's Sociology of Education Special Interest Group. Her current research focuses on how district and school leadership affects the quality of schools' programs of family and community involvement and results for students. In all of her work, she is interested in the connections of research, policy, and

practice. (For Dr. Epstein's publications, see the Publications List in the section Research and Evaluation.)

## Nome da persoa visitante: Herlon Bezerra

Institución de procedencia: Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Sertão Pernambucano (Petrolina, Pernambuco, Brasil)

Tempo de estadía: de setembro de 2017 ata setembro de 2018

Grupo de Investigación: ESCULCA

Herlon A. Bezerra (<http://lattes.cnpq.br/6888917847763055>), cumprindo Estadía de Investigación no Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela (2017-2018), é profesor de Psicología da Educación no Curso de Licenciatura em Música do Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología do Sertão Pernambucano (Petrolina, Pernambuco, Brasil) desde o ano de 2010. Actualmente é alumno do Curso de Doutoramento do Programa de Pós-Graduação em Educação Brasileira da Universidade Federal do Ceará (Fortaleza, Ceará, Brasil), onde desenvolve, sob orientación de Bernadete Beserra, tese sobre o sindicalismo de profesores universitarios federais brasileiros. Com licenciatura em Psicología e formación profesional de psicólogo, tem mestrado em Filosofía, ocasión na qual pesquisou as relacións entre ética, cultura e diferenza à luz da Ética da Alteridade Radical, de Emmanuel Lévinas. Com experiencia de pesquisa aplicada à gestão pública na Educación e Trabalho em Saúde Coletiva, dedica-se hoje ao ensino e pesquisa no campo das Ciências Sociais da Educación e à editoria na Série Diálogos Transdisciplinares em Educación (<http://www.editorafi.org/dte>), da Editora Fi (Porto Alegre, Rio Grande do Sul, Brasil).

## Nome da persoa visitante: Maria do Céu Taveira

Institución de procedencia: Universidade do Minho, Facultade de Psicoloxía, Braga

Tempo de estadía: 10-16 de maio 2017

Grupo de Investigación: DIOEP

## Nome da persoa visitante: María del Carmen Bellver Moreno

Institución de procedencia: Universidad de Valencia

Tempo de estadía: abril 2017

Grupo de Investigación: ESCULCA

## Nome da persoa visitante: Raul Menghini

Institución de procedencia: Universidad Nacional Sur (Bahía Blanca-Argentina)

Tempo de estadía: 28 de abril-10 de maio 2017

Grupo de Investigación: SEPA

Máis información: está previsto que imparta unha conferencia arredor de "Sistema educativo arxentino e políticas educativas actuais"; que manteña un encontro arredor dos Practicum, materia na que está especializado, con titores/as da nosa facultade; que se encontre con responsables de títulos e departamentos, así como visitar tanto a nosa facultade nos dous edificios como centros escolares de educación infantil e primaria, e educación secundaria

## Nome da persoa visitante: Jorge Ruíz Morales

Institución de procedencia: Universidade de Sevilla

Tempo de estadía: 6 marzo-2 xuño 2017

Grupo de Investigación: SEPA

Máis información: ademais das materias -Políticas Socioeducativas e Dereitos Humanos, Educación Ambiental e Cultura da Sustentabilidade- nas que se prevé que realice diferentes dinámicas, incorporárase ás tarefas de traballo de campo dos seguintes proxectos de investigación: "La relación entre ciencia y cultura común en las representaciones sociales del cambio climático: aportes a la educación y comunicación sobre los riesgos climáticos (RESCLIMA)" e "Descarboniza! Que non é pouco"